

DSPACE da Universidade de Santiago de Compostela

<http://dspace.usc.es/>

Instituto da Lingua Galega

M. Arbor Aldea (2008): “Notas para a historia do *Cancioneiro da Ajuda*. II. O ms. HC 380-776 (Hispanic Society of America, New York)”, en E. Corral Díaz / L. Fontoira Suris / E. Moscoso Mato: *A mi dizen quantos amigos ey. Homenaxe ao profesor Xosé Luís Couceiro*. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 45-56.



You are free to copy, distribute and transmit the work under the following conditions:

- **Attribution** — You must attribute the work in the manner specified by the author or licensor (but not in any way that suggests that they endorse you or your use of the work).
- **Non commercial** — You may not use this work for commercial purposes.



INSTITUTO DA LINGUA GALEGA

<http://ilg.usc.es/>

NOTAS PARA A HISTORIA DO *CANCIONEIRO DA AJUDA*.
II. O MS. HC 380-776
(HISPANIC SOCIETY OF AMERICA, NEW YORK)*

Mariña Arbor Aldea

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

1. Testemuño de excepción da *cantiga de amor* que os trobadores compuxeron durante o século XIII no occidente ibérico, o *Cancioneiro da Ajuda* (*A*) constitúe aínda hoxe un enigma marabilloso para cantos se achegan aos seus vellos pergamiños. Non en van, e a pesar das fecundas reflexións que sobre a lírica profana galego-portuguesa en xeral e sobre a materialidade, o contido e a historia do códice en particular se fixeron no último século, moi pouco se sabe sobre o percorrido que seguiu o cancionero do Colégio dos Nobres desde que se copiou, entre fins do século XIII e comezos da seguinte centuria, nun *scriptorium* aínda sen determinar, ata que se descubriu, nos primeiros anos do século XIX, en Lisboa¹.

Este magno libro debeu constituír, non obstante, obxecto precioso para diferentes lectores que, ata ca. 1500, apostilaron profusamente e de forma anónima os seus folios. O cancionero debeu ser, así mesmo, obxecto de deleite para algún nobre

* Os datos expostos no presente traballo son froito parcial dos estudos que sobre o *Cancioneiro da Ajuda* desenvolve a autora no marco do Programa Nacional de Investigación Ramón y Cajal, financiado polo Ministerio de Educación y Ciencia.

1 O centro que acolleu a copia de *A* e a cronoloxía na que esta se efectuou suscitaron hipóteses diversas entre os estudosos da lírica profana galego-portuguesa. Léase ao respecto canto escribiron Michaélis (1990, II: 151-157, 227-288), Tavani (1988: 94-95, 121-122), Resende de Oliveira (1994: 265-267) e Ramos (1994: 41-46). Para unha síntese das distintas achegas críticas, consúltese Arbor Aldea (2005). Sobre a data de descubrimento do cancionero, achegaron datos concretos Arbor Aldea-Pulsoni (2006).

no outono da Idade Media, como parece indicar a sinatura que lle atribúe a súa propiedade talvez ao poeta e cortesán Pedro Homem, paxe, primeiro, do condestable don Pedro de Portugal e, despois, escudeiro e membro da corte de don João II e *estribeiro-mor* e fidalgo da casa de don Manuel².

Propiedade ou non de Pedro Homem, as pegadas de *A* pérdense con toda probabilidade nunha cidade do sur portugués, quizais en Évora, no século XVI³. Na Biblioteca Pública da capital do Alentejo localizáronse, xustamente, once folios pertencentes á estrutura do códice que, en 1843, foron remitidos por J. H. da Cunha Rivara á Biblioteca da Ajuda, na que se custodiaba, desde 1832, o cancionero⁴. Nalgún momento daquela centuria, a colectánea trobadoresca debeu formar parte, non obstante, e como parece indicar a sinatura *A. 5. n. 47* (Armario 5, nº 47), escrita no f. 88v do códice en letra de chancelería das décadas de 1540-1560, dunha colección de notables dimensións, talvez de carácter público⁵.

Dos séculos posteriores de historia do cancionero nada se sabe. Encadernado conxuntamente cunha copia do *Livro de Linhagens* do conde don Pedro, reapareceu, coas pegadas dos avatares sufridos, mutilado e fragmentado, en Lisboa a comezos do século XIX. Localizouno na biblioteca do Real Colégio dos Nobres, un centro

-
- 2 A sinatura autógrafa que lle atribuiría a propiedade de *A* a Pedro Homem localízase nos ff. 86v e 88v do códice. Para o estudo desta nota, identificación do personaxe e outros indicios posibles da vinculación de Homem co florilexio poético, véxase Ramos (1999).
 - 3 Michaëlis barallou a hipótese de que *A* pasase por Évora no século XVI, vinculando a estadia do códice na capital do Alentejo á familia real ou á Orde Xesuíta (1990, II: 103-110). Pola súa parte, Ramos reconstruíu o ambiente cortesán e culto das cidades do sur portugués —Évora, Vila Viçosa, Beja, Montemor-o-Novo— na que úido circular o cancionero (1994: 27-47; 1999; 2001).
 - 4 Da Cunha Rivara deu sucinta noticia da existencia destes folios nas liñas finais dun texto, publicado no xornal lisboeta “O Panorama”, no que se comentaba a edición que de *A* publicara en 1823 Ch. Stuart (Rivara, 1842). Antes de abandonar Évora, eses folios foron obxecto da atención do propio Rivara e da do erudito A. Nunes de Carvalho, que sobre eles realizaron as copias conservadas, respectivamente, na Biblioteca Pública de Évora (ms. CXIV/2-34) e na Biblioteca Nacional de Lisboa (cod. 11191). Ocupámonos de ambas as transcricións e dos datos que delas se poden tirar para o estudo da historia e da materialidade de *A* nun traballo recente (Arbor Aldea, 2007). Información relativa ao traslado do cancionero do Real Colégio dos Nobres á Biblioteca da Ajuda conséntase en Michaëlis (1990, II: 17-18, 99-100).
 - 5 Ramos (1994: 30; 1999: 173). Ata o momento presente, non se localizou ningunha indicación nos inventarios estudados de antigas bibliotecas portuguesas que faga referencia explícita ao *Cancioneiro da Ajuda*. Ramos sinalou, non obstante, que no catálogo da biblioteca de don Teodósio (?-1563), quinto duque de Bragança, en Vila Viçosa, se encontran rexistrados un *Livro de Linhages de Portugal de letra de mão* e as *Obras del Rei Dom Denis feitas de mão de pergaminho, em táboas*. Para a investigadora portuguesa, e no que atinxe ao segundo dos títulos mencionados, as referencias materiais do obxecto —obras “feitas de mão”, “de pergaminho”, a encadernación “em táboas”— “fazem manifestamente pensar no próprio *Cancioneiro da Ajuda*” (Ramos, 2001: 193-199 [198]).

vinculado aos xesuítas que herdara fondos bibliográficos da Compañía e das bibliotecas da familia real portuguesa, R. Raimundo de Nogueira, reitor daquela institución. O achado debeuse producir entre o 2 de xuño de 1802, data na que o erudito toma posesión do cargo, e o 19 de maio de 1810, xornada na B. J. de Figueiredo e Silva asinou a primeira copia que se fixo de *A*, copia que, procedente da Biblioteca Real de Berlín, se conserva actualmente na Biblioteca Jagiellońska de Cracovia (Ms. Lusitan. fol. 1)⁶.

2. Como mostra a copia que acabamos de referir, o *Cancioneiro da Ajuda* mereceu a atención dos estudosos desde o momento mesmo do seu descubrimento, atribuíndoselle á colectánea trobadoresca un valor de primeira orde, pois esta viña ilustrar con textos unha tradición poética, a galego-portuguesa, da que ata daquela se tiñan unicamente noticias vagas e imprecisas⁷. Ao profesor de Dereito da Universidade de Coimbra, director da Biblioteca Nacional de Lisboa e membro da Academia das Ciéncias da mesma cidade, A. Ribeiro dos Santos, correspóndelle o mérito de iniciar o estudo do cancionero; da súa autoría é, en efecto, a primeira descrición detallada que se fixo de *A* e a primeira interpretación que se ofreceu para as cantigas que no códice se conteñen. Esta descrición, que se conservaba inédita en dous manuscritos do fondo Ribeiro dos Santos da Biblioteca Nacional de Lisboa —ms. 4601, ff. 178r-194v, e ms. 4602, ff. 33r-49v—⁸, foi parcialmente incorporada na primeira copia que se fixo do cancionero nos círculos eruditos portugueses e que asinou, como sinalamos antes, Figueiredo e Silva en 1810. Esta copia foi, xustamente, a que empregou para a súa edición o primeiro autor que deu o *Cancioneiro da Ajuda* ao prelo, Lord Ch. Stuart de Rothesay.

6 Esta copia, que lle pertencera a Stuart, foi adquirida en maio de 1855 por un alto funcionario do estado prusiano, C. Herman von Thile, que lla doou en 1859 á Biblioteca Real de Berlín. Durante a segunda guerra mundial, foi trasladada por motivos de seguridade a Krzeszów, en territorio alemán. Ao remate do conflito, integrada a cidade no estado polaco, o manuscrito pasou á Biblioteca de Cracovia. Ofrecemos descrición pormenorizada desta copia, que permite reconstruír a fisionomía de *A* no momento da súa aparición en Lisboa, en Arbor Aldea-Pulsoni (2005: 721-754). Datos concretos sobre o achado de *A* e sobre Raimundo de Nogueira poden verse en Arbor Aldea-Pulsoni (2006).

7 Ata o descubrimento de *A*, as noticias que da lírica profana galego-portuguesa tiñan os eruditos derivaban dos datos que fornecían fontes secundarias como algún nobiliario antigo, Duarte Nunes de Leão, Faria e Sousa ou Rodríguez de Castro, entre outros. Lembremos que só na década de 1840 se descubría en Roma o *Cancioneiro da Vaticana* e que ben máis tarde, en 1875, C. Corvisieri encontraba na Biblioteca dos condes Brancuti, en Cagli, o *Cancioneiro da Biblioteca Nacional*. Sobre esta cuestión léase canto sinalan Michaëlis (1990, II: 103-104) ou Arbor Aldea-Pulsoni (2006).

8 Publicamos esta descrición en Arbor Aldea-Pulsoni (2005: 767-785) e, con amplos comentarios, en Arbor Aldea-Pulsoni (2006), traballo no que poden consultarse, ademais, abundantes datos relativos á figura de Ribeiro dos Santos.

A edición do diplomático británico, presentada en París en 1823 co título de *Fragmentos de hum Cancioneiro inedito que se acha na Livraria do Real Collegio dos Nobres de Lisboa*, divulgaba as 260 cantigas que daquela contiña o códice —ao que aínda non se incorporaran os folios procedentes de Évora— seguindo principios que hoxe identificamos cos que definen unha edición paleográfica. Precedendo as pezas poéticas, Stuart fornecía unha breve descrición do manuscrito —a denominada *Noticia*—, que estaba tomada, con puntualizacións mínimas, da presente na copia de Cracovia. Os datos recollidos nesta *Noticia* foron complementados pouco despois —en 1824 ou 1825, segundo C. Michaëlis— por unha *Advertencia* impresa en folla solta na que o seu autor, probablemente o erudito francés T. Lecussan Verdier, achegaba, ademais, diferentes consideracións de tipo lingüístico, métrico e literario referidas aos textos copiados na colectánea poética⁹.

3. Aínda que a edición de Stuart acusa unha serie de deficiencias que, como sinalou no seu día C. Michaëlis, non se limitan a simples erros de lectura¹⁰, e malia que, debido ao escaso número de exemplares que dela se tiraron —só 25—, debeu ter unha difusión necesariamente limitada, a súa repercusión foi inmediata. Chamou, en efecto, o volume do británico a atención da comunidade de sabios internacional para a lírica profana producida no occidente ibérico¹¹ e supuxo, así mesmo, un revulsivo para os círculos eruditos portugueses, que mandaron tirar unha nova copia do cancionero, con toda probabilidade a que preparou despois de 1849 o paleógrafo J. P. da Costa Bastos e que hoxe se conserva na Academia das Ciéncias de Lisboa (Ms. Az. 586)¹². Ademais, o traballo de Stuart había ser o motor do volume que en 1849 publicou en Madrid F. A. de Varnhagen co título de *Trovas e cantares de um codice do XIV seculo: ou antes, mui provavelmente, “o Livro das Cantigas” do Conde de Barcellos*, unha edición “de ensaio e estudo”, nas modestas palabras do brasileiro, que tiña como finalidade declarada suplir as deficiencias e corrixir os erros de lectura do seu antecesor¹³.

9 Para un breve comentario da edición Stuart e da *Advertencia* composta por Verdier, consúltese Michaëlis (1990, II: 5-10) e Arbor Aldea-Pulsoni (2005: 721-754; o texto do erudito francés recóllese nas pp. 786-789 deste mesmo estudo).

10 Véxanse os comentarios da ilustre investigadora (1990, II: 6-7) e canto se sinala en Arbor Aldea-Pulsoni (2005: 721-745).

11 A recepción que tivo a edición Stuart nos medios científicos europeos analizárona Arbor Aldea-Lorenzo Grandín [no prelo].

12 Describimos esta copia, que presenta os folios de Évora xa incorporados á estrutura de *A* e que foi elaborada con criterios que difiren notablemente dos manexados na edición Stuart, en Arbor Aldea-Pulsoni (2005: 755-763).

13 Esta edición, crítica en sentido lato, ofrecía unha proposta de lectura para as 260 cantigas reproducidas na edición de Stuart e para outros 42 textos máis, que estaban tomados dos folios localizados en

Boa proba do interese que espertou a edición Stuart —en si ou en canto medio de difusión dos textos recollidos en *A*— constituía tamén a copia propiedade de T. Norton que hoxe se conserva na Hispanic Society of America, de New York (ms. HC 380-776)¹⁴. Esta copia, realizada en Porto entre marzo-abril de 1843 e marzo de 1845, segundo informan as datas presentes en distintos folios do manuscrito, é, xustamente, unha transcripción fiel da edición do británico —conclúíuse esta antes de abril de 1843—, suplementada coa reprodución dos textos contidos nos once folios do cancionero localizados en Évora —a súa copia rematouse o 17 de marzo de 1845—. Para a primeira, forneceuulle o material ao transcritor un volume da edición Stuart que pertencía a António Luís de Seabra¹⁵, tal como se sinala na páxina que abre o códice: *Foi copeado de um exemplar que tinha o meu collega Antonio Luis de Seabra e o titulo que se via por fora era o seguinte: “Cancioneiro Portuguez Galliziano”*¹⁶; os folios evorenses fóranlle cedidos en préstamo a Norton, como el mesmo declara nunha nota que pecha a copia, por José Gomes Monteiro¹⁷: *Estas folhas achadas na Bibliotheca Evorense forão-me emprestadas pelo amigo o Sr. Jose Gomes Monteiro, desta cidade, com recomendação de eu mesmo as copear, e não deixar tirar copea algũa por assim lho haver pedido o Bibliothecario*

Évora —folios dos que lle ofrecera a Varnhagen unha copia A. Herculano—. Comentaron o volume preparado polo diplomático brasileiro e a súa recepción Michaëlis (1990, II: 21-23) e Arbor Aldea-Lorenzo Gradín [no prelo].

- 14 Cfr. BITAGAP Manid 1792; Sharrer (2004: 43). Sobre T. Norton, que deixou rexistrado o seu nome en distintas páxinas do manuscrito, e que foi coñecido, sobre todo, pola súa riquísima “camoneana”, consúltese Arbor Aldea [no prelo]. Para a descrición que aquí facemos do seu volume, partimos dunha reprodución en fotocopia do orixinal manuscrito que nos facilitou a institución americana.
- 15 Datos sobre este poderoso (Cabo Verde, 1798-Anadia, 1895), primeiro vizconde de Seabra, amante das letras, tradutor de autores clásicos e el mesmo autor de textos literarios, poden verse en *Grande Enciclopedia Portuguesa e Brasileira* (XVII: 915) e Arbor Aldea [no prelo].
- 16 Na transcripción dos textos respectamos a grafía do orixinal. As nosas intervencións limitáanse ao desenvolvemento das abreviaturas convencionais, á introdución de maiúsculas (ou á súa redución a minúsculas, cando proceda) e á separación (ou unión) de conglomerados vocabulares. En casos contados, corriximos algún erro paleográfico. Puntuamos sobriamente. Quero deixar constancia do meu agradecemento a María José Carrera Boente, que supervisou a lectura das pasaxes escritas por Norton que se reproducen neste estudo.
- 17 Editor de Gil Vicente, de Camões e de importantes poetas alemáns, José Gomes Monteiro (Porto, 1807-1879) foi xerente da librería Moré, radicada no Porto e especializada en traducións de obras literarias producidas fóra das fronteiras lusas. Autor de varios traballos preparatorios dunha historia da literatura portuguesa, Gomes Monteiro dedícalle a Norton un dos seus textos, publicado en 1849: *Carta ao Ill.^{mo} Snr. Thomaz Norton, sobre a situação da ilha de Venus, e em defeza de Camões contra uma arguição, que na sua obra intitulado Cosmos, lhe faz o Snr. Alexandre de Humboldt* (cfr. *Grande Enciclopedia Portuguesa e Brasileira*, XII: 540-541; Oliveira, 1999; Arbor Aldea [no prelo]).

de Évora [espazo] Ribara que lhas mandou. Acabei de as copear em 17 Março 1845. Porto. Thomas Norton.

4. Integran o ms. HC 380-776 212 folios de papel de 337x228 mm¹⁸. Ocupa a copia da edición preparada por Lord Stuart os ff. 2r a 76r; os ff. 77r a 98r conteñen a transcripción dos fragmentos procedentes de Évora. A reprodución manuscrita do texto de Stuart vai precedida pola nota referida nas liñas precedentes, *Foi copeado de um exemplar que tinha o meu collega Antonio Luis de Seabra e o titulo que se via por fora era o seguinte: "Cancioneiro Portuguez Galliziano"*, escrita seguramente por Norton, que a acompaña con esta apostila, engadida nun segundo momento: *Por Caetano Luis dos Santos, estando empregado na Escola Medico-Cirurgica do Porto*. A continuación, e en letra que podemos identificar coa do propietario da copia, figuran varias notas relativas á numeración de *A*, data da súa composición, personaxes citados nel, papel de don Denis e de Garcia de Resende nas letras portuguesas e autoría da colectánea poética localizada no Colégio dos Nobres:

Este cancionero, como se ve da numeración, começa a folhas 41 —faltão 40 folhas—. Na Bibliotheca de Evora apareceram algúas folhas que vão copeadas a f. 77 debaixo da nota (a). Se pertencem ao principio ou ao fim não sei.

Pelas personagens que aparecen neste Cancioneiro poderá com muita probabilidad[cortado] ou ate certesa diser-se que foi composto no reinado de D. Affonso 3º no an[cortado] de 1240 a 1270.

De El Rey D. Dinis ficaram dois Cancioneiros, e foi o primeiro poeta nota[cortado] em Portuguez, depois dos rudes versos de Egaz Moniz. Hist. de Portug. por Moraes e S.^a, vol. [cortado], pag. 255, nota.

Ao bom Garcia de Resende são as nossas letras devedoras, não só de uma[cortado] chronica, tão aprasivel como instructiva, mas tambem do mais copiozo e antigo repertorio de trovas nacionais, em que, atravez de muitos defeitos reaes e de muitissimos apparentes, se podem[cortado] colher aos costumes, noticias de costumes e usanças velhas e não escasso cabedal para a nossa historia literaria. Excerptos por Castilhos, Tom. 10, pag. 132.

Quem é o A. deste Cancioneiro? Inclino-me a que é uma collecção de Cantigas ou versos de differentes authores. Vid. nas provas da Historia Genealogica o testamento de D. Pedro a quem se attribue este Cancioneiro.

18 As indicacións proceden de BITAGAP Manid 1792 e da descrición de catálogo que acompaña a reprodución en fotocopia do orixinal manuscrito que nos remitiu a Hispanic Society of America. Nesta descrición sinalase: "776 Cancioneiro Portuguez-Galliziano. Fragmentos de hum Cancioneiro inedito que se acha na livraria do Real Collegio dos Nobres de Lisboa. Impresso á custa de Carlos Stuart, socio da Academia Real de Lisboa. Em Paris, no paço de sua Magestade Brittanica. 1823. In-fol. Copia manuscripta da mão de Thomaz Norton, 1845. Com um facs. do mscr. orig. M. piel. 212 ff. (as ultimas 114 ff. de papel branco)". O propio Norton indica nun folio en branco ao remate do manuscrito: *Tem este livro dusetas e dose folhas de papel todas numeradas. Porto 18 de Março 1843. Thomas Norton.*

Concluídas estas indicacións, cópiase a *Advertencia* (ff. 2r-3v), que debía circular acompañando os volumes da edición Stuart. Á transcripción, extraordinariamente coidadosa, engadiulle o propio Norton dúas notas aclaratorias, relativas, a primeira, á localización de *A* na época en que se realiza esta copia e, a segunda, á difusión do texto atribuído a Lecussan Verdier. Con respecto ao lugar no que estaba depositado o cancionero —que na *Advertencia* aparece vinculado ao Colégio dos Nobres—, indícase: (a) *Hoje creio que está na Livraria do Rey no palacio pequeno das Necessidades: [---]li(?) o vi, e segundo mia lembrança, disse-mi o Herculano que era o do Collegio.* En referencia á *Advertencia*, sinalase: *Esta advertencia foi copeada de uma folha avulsa, que não anda junta com o Cancioneiro, e parece impressa depois que elle se publicou. Sei que o meu amigo o Sr. Jose Gomes Monteiro tem alguns trabalhos para fixar a data ou datas das diversas poesias que se acham neste Cancioneiro, e se um dia se publicaram serão de muito interesse em relação pelo menos à historia da literatura d'aquelles tempos.*

A partir do f. 4 unha man que non é a de Norton —e que tal vez poida identificarse coa de C. L. dos Santos, citado polo propio Norton ao comezo do manuscrito— transcribe a edición Stuart, comezando pola portada desta (f. 4r), que vai seguida da reprodución da *Noticia do Manuscrito* (ff. 5r-6r), do facsímile que acompañaba o volume publicado en París en 1823 e do texto das cantigas. A copia, que culmina no f. 76r, reproduce, con escasísimos erros, o texto de Stuart. Para a organización da páxina, mantense a disposición que ofrecía o modelo, isto é, as cantigas transcríbense verso a verso, a dúas columnas por páxina, respectándose a numeración que na edición do británico se lle atribuíra aos folios de *A* e a separación que nela se fixera das distintas pezas recollidas no cancionero.

Concluída a copia da edición Stuart, o manuscrito de New York reproduce, a partir do f. 77r —o 76v está en branco— o texto contido nos folios achados en Évora, indicándose: *Nota (a) Seguem as folhas encontradas na Bibliotheca Evorense.* As cantigas transcríbense, en letra que podemos identificar coa de Norton, a columna única, respectándose, aínda que non de forma sistemática, a correlación columna do orixinal-folio da copia —falta esta correlación nos ff. 77v-78r (=A, f. 40v), 80rv (=A, f. 41v), 89v-90r (=A, f. 16rv), 96r-98r (=A, f. 4rv)—¹⁹. Unha nota final do propio Norton, xa

19 Cando non se respecta esta correspondencia, introdúcense marcas aclaratorias que sinalan o cambio de columna no modelo; así, nos ff. 90r e 97r indícase — *col.*; no f. 96r trázase simplemente unha liña horizontal (—). Falta, non obstante, calquera indicación no f. 97v, no que se verifica idéntica circunstancia. Con respecto ás columnas ou folios que no orixinal se deixaron en branco, o comportamento de Norton é dispar. Así, e en correspondencia coa col. b do actual f. 29v de *A*, totalmente en branco, o erudito deixa baleiro un folio da súa copia, o 95v. Un modo de proceder diferente obsérvase para o f. 17v de *A*, o único que se presentaba completamente desprovisto de texto. Na súa copia,

referida, sinala a data de remate da copia e a procedencia dos folios que lle serviron como modelo: *Estas folhas achadas na Bibliotheca Evorensis forão-me emprestadas pelo amigo o Sr. Jose Gomes Monteiro, desta cidade, com recomendação de eu mesmo as copear, e não deixar tirar copea algũa por assim lho haver pedido o Bibliothecario de Evora [espazo] Ribara que lhas mandou. Acabei de as copear em 17 Março 1845. Porto. Thomas Norton.*

A transcripción, limpa e coidada, prescinde de calquera referencia ás particularidades decorativas do orixinal, observándose un comportamento escrupuloso por parte de Norton na reprodución das cantigas. O bibliófilo, non obstante, ademais de introducir determinadas alteracións gráficas e de proceder ao desenvolvemento, non sistemático, dalgunhas abreviaturas, suprime certos grafemas corrixidos no orixinal²⁰, reproduce, ben como maiúsculas, ben como minúsculas, ou introduce, cando están ausentes, as letras que en *A* servían como guía para o rubricador²¹ e comete pequenos erros de copia²². Nalgún momento, Norton emenda faltas presentes no orixinal que copiaba²³ e, en casos puntuais, introduce no corpo do verso as variantes textuais que en *A* están escritas nas marxes²⁴. Así mesmo, consigna nos laterais dos folios termos que suscitaron a súa dúbida durante a fase de lectura ou de copia do modelo ou formas que chamaron a súa atención por ofrecer algún tipo de particularidade fonética ou

Norton sinala (f. 92r) (*a*) *Nas folhas que copiei estava uma folha em branco*, sen deixar espazos baleiros que refiran tal circunstancia. Sen motivo aparente, deixouse en branco o f. 78v, que se corresponde co remate da transcripción do f. 40v de *A*. Debemos sinalar, porén, que este é un folio anómalo, pois presenta miniatura no verso —un caso excepcional nos once folios procedentes de Évora—. Hai que indicar tamén que a col. b do actual f. 40r de *A* carece de texto, particularidade esta que podería estar referindo o espazo en branco deixado por Norton na súa copia.

- 20 Véxanse os ff. 77r, 79v, 83rv, 85v, ...; casos de conservación localízanse nos ff. 84v, 85r ou 91r.
- 21 Hai abundantes exemplos destas prácticas ao longo da copia; a título ilustrativo véxanse os ff. 77rv, 78r ou 79rv. Nalgúns casos, Norton deixa constancia das súas dúbidas á hora de reproducir (ou de introducir) o grafema que debía servir como pauta para o rubricador. Así, no f. 86v sinala, na marxe dereita da columna de escritura, *E?*; no f. 77v, en correspondencia cun *e ar* de *A* (o primeiro grafema, en letra para o rubricador), escribe *Car*, indicando en nota: *Entro em duvida se tem o C ou não*; no f. 84r, para unha letra que lle ofrecía dificultades de lectura no modelo, escribe, simplemente, un signo de interrogación (?). O erudito erra ao introducir a minúscula en varios casos; véxanse os ff. 81v ou 87v, por exemplo.
- 22 Poden sinalarse, a título ilustrativo, faltas como *perdi* > *perde*, *coitãdar* > *coita dar*, *mendar* > *mandar*, *bõa* > *boa*, ..., ademais das presentes en versos que reproducen texto afectado no orixinal polo excesivo corte da guillotina (véxanse os ff. 81rv, 82rv, 83rv —nos ff. 81rv e 83v sinaláanse as dúbidas cun interrogante (?)—, 85v —neste caso indicase, na marxe inferior do folio, *Estão cortadas as letras*— ou 86rv).
- 23 Así, *deuua* > *deuia*, *aueturado* > *auenturado*, *guadar* > *guardar*, ...; no f. 88r Norton elimina unha liña de texto que no orixinal (cfr. *A*, f. 45v, col. a) aparecía repetida.
- 24 Hai exemplos, entre outros, nos ff. 82v (=A, f. 42v, col. b), 83r (=A, f. 43r, col. a) ou 83v (=A, f. 43r, col. b).

morfolóxica²⁵. Obsérvanse, finalmente, e só nalgúns folios, determinadas referencias numéricas ou silábicas que parecen remitir ao orixinal; así, no f. 87 lese, na súa marxe superior dereita, *b* (cfr. *A*, f. 45r); no f. 89r obsérvase, sempre na marxe superior dereita do folio, *a*[cortado] (cfr. *A*, f. 16r), indicándose, en idéntica posición, no f. 91r, *a2* (cfr. *A*, f. 17r), no f. 92v, *10* (cfr. *A*, f. 36r), no f. 94r, *5o*(?) (cfr. *A*, f. 29r) e, finalmente, no f. 96r, *5ó* (cfr. *A*, f. 4r) —as tres primeiras referencias remiten ás marcas +6, *a1* e *a2* presentes no modelo; as tres últimas notas trasladan a apostila *só* que se le nos correspondentes folios de *A*—.

Á luz das indicacións que acabamos de referir, a copia propiedade de T. Norton ofrécenos esta imaxe dos folios de Évora:

Ms. HC 380-776	<i>A</i>
ff. 77r-78r	40
ff. 79r-80v	41
ff. 81r-82v	42
ff. 83r-84v	43
ff. 85r-86v	44
ff. 87r-88v (<i>b</i>)	45
ff. 89r-90v (<i>a</i> [cortado])	16
f. 91rv (<i>a2</i>)	17
ff. 92r-93v (<i>10</i>)	36
ff. 94r-95v (<i>5o</i>)	29
ff. 96r-98r (<i>5ó</i>)	4

Como xa nos permitiran observar as copias dos folios evorenses realizadas por J. H. da Cunha Rivara e por A. Nunes de Carvalho (*vide supra*, nota 4), a copia de Norton indica tamén que os actuais ff. 40 a 45 de *A* ofrecían evidente contigüidade textual, formando “um conjuncto coherente”, “um caderno coherente no fondo e na forma”, como xa sinalara no seu día C. Michaëlis²⁶. Pola contra, debían ter circulación

25 Os exemplos que se poderían aducir son bastante numerosos. Sinalaremos unicamente tres, que ilustran as diferentes motivacións que tivo Norton para escribir nas marxes da súa copia determinados termos. Así, na marxe inferior do f. 79r anota: *cuidasseu, Ú a cuidasse eu a poder ver*, referindo, talvez, a elisión que se rexistra nese sintagma. A problemas de interpretación do texto parecen responder apostilas como as rexistradas no f. 81r, no que, e en correspondencia cunha forma *mī* subliñada no verso, se coloca un interrogante (?). Noutros casos, parecen ser correccións efectuadas á hora de escribir as que provocan que se recuperen nas marxes determinados vocábulos; así, no f. 89v Norton anota *sennor*, por extenso, no corpo do verso; decatándose do erro, tacha un *n*, escribe o signo de abreviación e, na marxe dereita do folio, aclara: *É señor*.

26 Michaëlis (1990, II: 148, 137).

autónoma os actuais ff. 16 e 17 de *A* —folios que conteñen cadanseu ciclo de textos precedido pola correspondente miniatura—, consignados por Norton, conforme ao modelo, coas indicacións *a*[cortado] e *a2*, e os actuais ff. 36, 29 e 4 de *A*, apostilados polo erudito con marcas que pretenden ser reflexo da forma *só* que se observa nos orixinais —destes, o actual f. 4 de *A* inicia ciclo de cantigas, ciclo que debería ter continuidade en folios sucesivos; o f. 36, que conclúe ciclo poético, comeza cunha peza fragmentaria, asociándose, polo tanto, a un folio precedente; por fin, o f. 29 contén un ciclo autónomo de composicións, que se inicia e pecha no propio folio—.

Pero, ademais de ilustrarnos sobre a disposición que os folios procedentes do Alentejo tiñan antes de incorporarse á estrutura de *A*, a copia de Norton achéganos datos novos sobre o interese que o vello cancionero do Colégio dos Nobres e os fragmentos evorenses despertaron entre os eruditos da época, ampliando a xeografía deste interese ao norte de Portugal, fóra, polo tanto, dos ambientes de Évora e Lisboa aos que se asociaban as copias de Figueiredo e Silva, de Costa Bastos, de Rivara e de Nunes de Carvalho. De sur a norte, os bibliófilos do oitocentos estudaron a lírica galego-portuguesa transcribindo o único cancionero que daquela se coñecía, *A*, consultando a súa primeira edición ou intercambiando, admirando e, finalmente, copiando os vellos pergamiños procedentes de Évora que daquela tiñan, como teñen hoxe, excepcional interese e singular valor.

Bibliografía

- ARBOR ALDEA, M. (2005): “Os estudos sobre o *Cancioneiro da Ajuda*: un estado da cuestión”, en *Carolina Michaëlis e o Cancioneiro da Ajuda, hoxe*. Santiago de Compostela: Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades-Xunta de Galicia, pp. 45-120.
- ____ (2007): “Notas para a historia do *Cancioneiro da Ajuda*: as copias dos folios de Évora (Lisboa, BN, Cod. 11191; Évora, BP, Ms. CXIV/2-34)”, en *Actas del XI Congreso Internacional de la Asociación Hispánica de Literatura Medieval (Universidad de León, 20 al 24 de septiembre de 2005)*, edición de A. López Castro y M. L. Cuesta Torre. León: Universidad de León, vol. I, pp. 217-227.
- ____ (no prelo), “Los círculos eruditos de Lisboa, Évora y Porto en la primera mitad del siglo XIX. Notas sobre la recepción temprana del *Cancioneiro da Ajuda*”, *Límite*.
- ARBOR ALDEA, M.-LORENZO GRADÍN, P. (no prelo): “La dimensión europea de la lírica gallego-portuguesa en los inicios de la Filología Románica”, en *Convegno della Scuola di Dottorato europea in Filologia romanza Tra Filologia e Comparatistica. Le riviste e la fondazione della Filologia romanza (Siena, 3-4 ottobre 2006)*.

- ARBOR ALDEA, M.-PULSONI, C. (2005): “Il *Cancioneiro da Ajuda* prima di Carolina Michaëlis (1904)”, *Crítica del testo*, VII/2, pp. 721-789.
- _____(2006): “Per la storia del *Cancioneiro da Ajuda*: 1. Dalla sua compilazione a Ribeiro dos Santos”, *La parola del testo*, X/1, pp. 59-117.
- OLIVEIRA, A. RESENDE DE (1994): *Depois do espectáculo trovadoresco. A estrutura dos cancioneiros peninsulares e as recolhas dos séculos XIII e XIV*, Lisboa: Colibri.
- OLIVEIRA, J. M. (1999): s.v. “Monteiro (José Gomes)”, en *Biblos. Enciclopédia Verbo das Literaturas de Língua Portuguesa*. Lisboa-São Paulo: Verbo, vol. III, pp. 904-905.
- RAMOS, M. A. (1994): “O Cancioneiro da Ajuda. História do manuscrito, descrição e problemas”, en *Fragmento do Nobiliário do Conde Dom Pedro. Cancioneiro da Ajuda. Edição fac-similada do códice existente na Biblioteca da Ajuda*. Lisboa: Edições Távola Redonda, Instituto Português do Património Arquitectónico e Arqueológico, Biblioteca da Ajuda, pp. 27-47.
- _____(1999): “*Invoco el rrey Dom Denis... Pedro Homem e o Cancioneiro da Ajuda*”, en *Actes del VII Congrés de l’Associació Hispànica de Literatura Medieval (Castelló de la Plana, 22-26 de setembre de 1997)*, editors S. Fortuño Llorens i T. Martínez Romero. Castelló de la Plana: Publicacions de la Universitat Jaume I, vol. I, pp. 127-185.
- _____(2001): “Homens e Cancioneiros em Évora”, en *Canzonieri iberici*, edición al cuidado de P. Botta, C. Parrilla e I. Pérez Pascual. Padova-Noia-A Coruña: Università di Padova-Toxosoutos-Universidade da Coruña, vol. I, pp. 169-216.
- RIVARA, J. H. DA CUNHA (1842): “O Cancioneiro do Collegio dos Nobres”, *O Panorama*, 2.^a série, 6, pp. 406-407.
- SHARRER, H. L. (2004): “Estado actual de los estudios sobre el *Cancioneiro da Ajuda*”, en *O Cancioneiro da Ajuda, cen anos despois. Actas do Congreso realizado pola Dirección Xeral de Promoción Cultural en Santiago de Compostela e na Illa de San Simón os días 25-28 de maio de 2004*. Santiago de Compostela: Xunta de Galicia, Consellería de Cultura, Comunicación Social e Turismo, pp. 41-54.
- STUART DE ROTHESAY, CH. (1823): *Fragments de hum Cancioneiro inedito que se acha na Livraria do Real Collegio dos Nobres de Lisboa*, impresso á custa de Carlos Stuart, socio da Academia Real de Lisboa, Paris: No Paço de Sua Magestade Brittanica.
- TAVANI, G. (1988): *Ensaios portugueses. Filologia e Linguística*, Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda.

- VARNHAGEN, F. A. DE (1849): *Trovas e Cantares de um Codice do XIV seculo: ou antes, mui provavelmente, "o Livro das Cantigas" do Conde de Barcellos*, Madrid: Na imprensa de D. Alexandro Gomes Fuentenebro.
- VASCONCELOS, C. MICHAËLIS DE (1990): *Cancioneiro da Ajuda*, Lisboa: Imprensa Nacional-Casa da Moeda, 2 vols. [1.^a edición, Halle: Max Niemeyer, 1904].
- VV. AA. (s.d.): s.v. "Gomes Monteiro (José)", en *Grande Enciclopédia Portuguesa e Brasileira*. Lisboa-Rio de Janeiro: Editorial Enciclopédia, vol. XII, pp. 540-541.